

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS
18 - 19



C
Compostela
Cultura
Didáctica



UNIDADE DIDÁCTICA SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS.

Luns 25 de febreiro, 10 e 12 h. Sala Mozart (Auditorio de Galicia)
Alumnado de 5° e 6° cursos de Ed. Primaria.



INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2018-2019

A sesión *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS*, dirixida a alumnado de 5º e 6º cursos de Ed. Primaria e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 3ª das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 3º curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos [as sesións de cine](#), é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:

.- [Presentación dos contidos](#).

.- [Exhibición dos contidos](#).

.- [Actividades sobre as pezas exhibidas](#) como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS* terá lugar o luns 25 de febreiro.

Por outra banda están [as accións de mediación](#) como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:

.- **temáticos** (que é o que imos ver? que conta a historia?)

.- **de contextualización** (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

.- **técnicos** (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)

Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 3ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música e a danza.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na esolla dos contidos e implementación do programa.

INFORMACIÓN SOBRE A 3ª SESIÓN: SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS.



Que nos imos atopar nesta 3ª sesión *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS*?

Con *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS* imos poñer o foco na diversidade funcional, é dicir, nas vidas das persoas que simplemente son distintas a nós por ter unha discapacidade, ou simplemente “outras capacidades”.

Así, servirémonos de curtametraxes e outras pezas audiovisuais que na súa totalidade están protagonizadas por persoas con diversidade funcional (cegas, sordas e mudas, cunha diversidade física...) para coñecer a través desas historias **como os/as**

personaxes afrontan o mundo dende a súa realidade diferente á nosa.



Sendo distintos podemos sentirnos tamén iguais, pois os nosos soños e obxectivos poden ser os mesmos, simplemente o camiño para alcanzalos terá que estar adaptado ás capacidade de cada persoa na súa diversidade.

Como nas outras sesións, valémonos dos contidos

audiovisuais como un mero transmisor de ideas e valores, neste caso da mensaxe de sensibilización e concienciación ante as barreiras que no seu día a día sofren as **persoas con discapacidade**, e como nós como individuos e en sociedade podemos traballar para que desaparezan.

No cinefórum infantil **contaremos con dúas persoas representantes da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade-COGAMI**, as dúas con diversidade funcional, e que nos contarán se realmente se ven reflectidas nas historias da pantalla e como afrontan no seu día a día “ser distintos, sendo iguais”.



Que contidos específicos veremos en **SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS?**

Esta 3ª sesión da proposta neste curso 2018-2019 contará cun total de 6 pezas audiovisuais: **4 delas serán curtametraxes de animación**, cuxos personaxes protagonistas son, como xa explicamos, nenos e nenas con algunha discapacidade (sordas, cegas, cunha discapacidade física, con dano cerebral) e **as 2 restantes son dúas pezas de non ficción que corresponden a outras tantas campañas de sensibilización.**

A continuación desglosamos os contidos desta sesión:

Título: O PRESENTE (*The present*)

País: Alemaña.

Ano: 2014.

Duración: 04:18 min.

Dirección: Jacob Frey.

Sinopse: Un rapaz recibe da súa nai unha caixa sorpresa cun presente moi especial: un canciño. Emocionado vai coñecer ao seu novo amigo máis descobre que o animal non é todo o "perfecto" que debería, fáltalle unha pata. O noso protagonista rexeitao cheo de carraxe, pero o can demostrarlle que pode conseguir todo o que se propón, aínda tendo 3 patas no canto de 4. E por riba diso, pode ser que o canciño e o seu novo dono non sexan tan diferentes despois de todo...



Título: #QUERIDAFUTURAMAMÁ // #DEARFUTUREMOM

País: Varios países.

Ano: 2014.

Duración: 02:28 min.

Sinopse: #Queridafuturamamá foi unha campaña internacional de sensibilización polo Día Mundial do Síndrome de Down cunha premisa moi sinxela: que persoas con este síndrome nos conten directamente todo



o que van poder facer nas súas vidas, nunha mensaxe directa non só ao corazón das futuras nais senón ao de todos nós.

Título: CORDAS (Cuerdas)

País: España.

Ano: 2013.

Duración: 10:52 min.

Dirección: Pedro Solís García.

Sinopse: A rutina de María na escola vese alterada pola chegada dun neno moi especial, que pronto se converterá no seu amigo inseparable. *Cordas (Cuerdas)*, multipremiada curta que entre outros premios gañou o Goya á mellor curtametraxe de animación, narra unha tenra historia de amizade entre un neno e unha nena moi especiais, pero tamén nos fala de valores e de como o que vivimos na infancia nos pode marcar durante toda a vida.



Título: O QUE ESTÁ AGOCHADO (Out of sight)

País: Taiwán.

Ano: 2010.

Duración: 05:27 min.

Dirección: Ya-Ting Yu.

Sinopse: Unha rapaza cega, de nome Chico, sae dar un paseo co seu can Gogo, que escapará da súa man de xeito que a nena terá que atopalo buscando polas rúas, percibindo o mundo dende a súa perspectiva e incluso transformándoo como a verdadeira heroína da súa historia.



Título: TAMARA

País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 2013.

Duración: 04:36 min.

Dirección: Craig Kitzmann e Jason Marino.

Sinopse: Unha nena baila no seu cuarto a música dunha caixiña de música cunha bailarina dentro, baila e séntese libre e somos conscientes da súa paixón pola danza e a música. A súa nai tamén o é, e mira encantada á súa filla dende a porta ata que a música para pero Tamara segue bailando, allea a outra cousa que ao seu propio mundo e á música que soa na súa cabeza. Quen dixo que tiñamos que escoitar a música para amar a música?



Título: OLLOS DUNHA NENA (*Eyes of a Child*)

País: Francia.

Ano: 2014.

Duración: 01:52 min.

Sinopse: Este anuncio mostra a pais e nais cos seus pequenos e pequenas que se someten a un experimento social moi sinxelo: deben imitar, sen verse os uns aos outros, ás persoas que aparezan na pantalla. Cando aparece unha nena con discapacidade veremos como as persoas adultas se comportan con menos naturalidade que os nenos/as, cunha mirada aínda libre de prexuízos na que todas as persoas son iguais.





Como será a organización da sesión *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS?*

A estrutura da actividade do luns 25 de febreiro será como segue:

SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS



INTRODUCCIÓN (5 min. aprox.)

Presentación da actividade e diálogo inicial cos nenos e nenas asistentes. Repaso rápido dos contidos que van ver na sesión así como a temática desta, que desenvolveremos no cinefórum.

PROYECCIÓN (35 min. aprox.)

Proxección dos contidos que compoñen a sesión (explicados máis arriba): 4 curtametraxes de animación e dúas pezas de non ficción, campañas de sensibilización.

ROLDA DE PREGUNTAS / DEBATE: CINEFÓRUM INFANTIL (20 min. aprox.)

A actividade post-proxección terá formato de cinefórum infantil, e comezará cunha rolda de preguntas xerais sobre que lles pareceron os contidos, na que iremos focalizando a nosa atención na análise destes.

No cinefórum centraremos a nosa atención nos temas que xa explicamos máis arriba, centrándonos en como as persoas con discapacidade / diversidade funcional, reflecticas nos/as personaxes protagonistas, enfrontan a vida dende a súa realidade.

Contaremos coa presenza de dúas persoas da entidade COGAMI.

PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.

TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas pola mediadora, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

ACTIVIDADE 1. SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN. (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión.
Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analizalas todos/as xuntos/as no cinefórum posterior.

ACTIVIDADE 2. UN MUNDO ACCESIBLE PARA TODO O MUNDO (15 minutos aprox.)

Na segunda parte da actividade seguiremos afondando nas temáticas nas que estará centrada a sesión coñecendo novas, casos e referencias sobre a situación das persoas con discapacidade no noso país, e ás barreiras de todo tipo ás que se entrontan.

Especificamente, presentaremos ao colectivo que nesta sesión colaborará con nós, COGAMI:

www.cogami.gal

A *Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)* é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública que ten por misión a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Constituída por máis de 50 asociacións de persoas con discapacidade física e orgánica, *COGAMI* tanto presta servizos como tamén emprega a máis de 800 persoas con discapacidade nas 11 iniciativas empresariais de economía social que xestiona.



ACTIVIDADE 3. LABORATORIO DE CINEASTAS DO FUTURO (20 minutos aprox.)

Esta última parte dos talleres de mediación previos a cada sesión nos centros de ensino será común e transversal ás 5 citas de didácticos audiovisuais. Nela, ademais de tratar especificamente os contidos e temáticas da sesión correspondente, queremos dar ao alumnado unha pinceladas básicas sobre cuestións técnicas de linguaxe audiovisual e análise cinematográfica, adaptadas sempre ás idades dos/das participantes e dende un

punto de vista dinámico e participativo (esta actividade será sempre un exercicio para facer en común)



Traballaremos arredor das seguintes cuestións:

- ◆ Linguaxe audiovisual: tipos de planos e posicionamento da cámara como elemento narrativo.
- ◆ O *storyboard* ou guión visual: como trasladar as historias a imaxes.
- ◆ Técnicas de interpretación e a súa evolución a través da historia do audiovisual: do *slapstick* ao *Dogma 95*.
- ◆ Xéneros cinematográficos: como contamos as historias? Da comedia ao cine negro.



ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS.

Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á proxección da sesión *SOMOS IGUAIS, SOMOS DISTINTOS*.

CONTACTO:

Diego Vázquez Meizoso

Telf.: 646361471

Rebeca Mariño

Telf.: 650 54 19 78

Correo-e: didacticosaudiovisuais@gmail.com

